

VERSOS E VICEVERSOS

Textos de **ANTONIO GARCÍA TEJEIRO**
e **JUAN CARLOS MARTÍN RAMOS**

Ilustracións de **JUAN RAMÓN ALONSO**

Tradución de **ANTONIO GARCÍA TEJEIRO**

Encadernado en cartón. 15 x 23,5 cm. 64 páx. 16 €.

Versos e viceversos (galego)

ISBN 978-84-8464-432-3. Poesía Ilustrada.

Versos y viceversos (castelán)

ISBN 978-84-8464-433-0. Orihuela.

*Dúas voces alternándose? Unha voz que resulta da unión
de dúas voces? Ou un libro de versos escrito a catro mans?
E con eles, Juan Ramón Alonso, o ilustrador que nos achega
as súas mans de artista.*



[Fragmento do limiar, de Antonio Rubio]

Dous poetas, o galego Antonio García Teijeiro e o andaluz Juan Carlos Martín Ramos, unen as súas voces amigas nesta obra coral á que se suma o ilustrador Juan Ramón Alonso, artesán da imaxe gráfica que potencia o lirismo destes versos. Versos que saben, arrecenden e soan a mar, para contemplalo e soñalo: vento, ondadas, caracolas, horizontes lonxanos, noites e lúas.

Os autores trenzan os seus pensamentos e emocións nunha rede de palabras irmanadas polas súas linguas de orixe: cada poema vai precedido dunha entradiña que alterna o galego e o castelán, inspirando outros versos no idioma contrario a modo de réplica literaria. . Ese diálogo cultural trascende ao íntimo cando o poeta conversa consigo mesmo a través do seu caderno, invoca recordos de infancia, a súa identidade e raíces; mais tamén é un diálogo que se proxecta máis aló das páxinas do libro, interpelando os seus destinatarios.

Velaí a faceta social destes “Versos e viceversos” condenando a guerra e o deterioro do planeta, estrañando os contos de antano ou facendo un eloxio da lectura. Tampouco falta a dimensión lúdica que propón conquistar o reflexo da lúa na auga ou descifrar unha carta en branco.

Porque o clasicismo formal destes poemas non é uniforme; as estruturas modernízanse e alixéiranse, conservando a intensidade poética. Porque o clasicismo formal das ilustracións figurativas -lapis de cor e suaves acuarelas- contrasta co seu calado simbólico. E ambos elementos, textos e imaxes, son a chave da memoria.



■ **Temática:** poemas inspirados no mar, o amor pola poesía e pola lectura.

■ **Idade recomendada:** dende 7 anos.

■ **Aspectos destacables:** obra construída por dous poetas, conxuntamente, con limiar do tamén poeta Antonio Rubio; ilustracións figurativas, a base de lapis e acuarela.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/versos-e-viceversos-g>

Antonio García Teijeiro

(Vigo, 1952)

Foi maestro, vencellado a movementos de renovación pedagóxica, e autor de numerosos libros. Recibiu os premios Merlín 1996, Pier Paolo Vergerio 1998, Luna de Aire 2007 e o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2017. A súa obra figura en prestixiosas listas (IBBY, Fundación S. Ruipérez, CLIJ). <http://garciateijeiro.blogspot.com/>

Juan Carlos Martín Ramos

(Belmez, 1959)

Estudió Filoloxía Hispánica. É técnico de Cultura no Concello de Fuenlabrada e autor de varios libros de poesía infantil e xuvenil. Recibiu os premios Leer es Vivir 2002, Lazarillo 2003, Ciudad de Orihuela 2015 por “Mundinovi” (Kalandraka) e Luna de Aire 2019. Tamén se dedicou ao mundo dos títeres en «Titiritaina», con Lurdes López.

Juan Ramón Alonso

(Madrid, 1951)

Estudou pintura na Escola de Belas Artes de San Fernando. Tras dedicarse á docencia durante máis de 25 anos, dende 1995 centrouse na ilustración. Foi colaborador de El País e publicou máis de 300 obras de literatura infantil-xuvenil e para adultos. Recibiu, entre outros, os premios Austral 1985 e Fundación Santa María 1994.

www.**kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com